

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA NÚMERO 1 AO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A REHABILITACIÓN DA PONTE INTERNACIONAL SOBRE O RÍO MIÑO ENTRE SALVATERRA DO MIÑO E MONÇÃO.

1. Antecedentes

Con data 17 de xullo de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, actual Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, para a rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra do Miño e Monção.

As actuacións comprenden a rehabilitación estrutural dos pilares e travesas da ponte Monção – Salvaterra, así como os estudos e proxectos necesarios e a supervisión e dirección das obras. Ademais tamén se acometerá o proxecto de instalación de carril bici e senda peonil.

Segundo a cláusula terceira a Xunta de Galicia, como administración competente na xestión da estrada PO-510 e da metade española da ponte internacional, asumiu como propias as obrigas económicas contraídas polo Reino de España no Acordo Internacional Administrativo entre a República portuguesa e o Reino de España.

O importe total a financiar pola Xunta de Galicia ascendía a 378.609,37 € distribuído nas anualidades 2023 e 2024.

O investimento concernente a 2023, 301.734,37 €, foi correctamente xustificado.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Con data 20 de novembro de 2024 reuniuse a comisión de seguimento do convenio e en base ao acordado pola comisión técnica mixta luso – española do Acordo internacional Administrativo entre a República portuguesa e o Reino de España na que se autorizou o incremento do importe das actuacións previstas debido a que a contratación para a redacción do proxecto e os estudos complementarios ascende a 222.578,00€ (IVE non incluído) que supera los 125.000,00€ previstos inicialmente, confirman a necesidade de modificar o importe total do convenio, así como redistribuír as anualidades.

Dado que as partes desexan que obxecto do convenio, a rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño, se realice é necesario modificar a cláusula terceira do convenio relativa o seu financiamento para incrementar o seu importe total e distribuír as anualidades para adaptalas ao ritmo real das actuacións.



Tamén se engade un novo parágrafo á cláusula sexta, seguimento e control do convenio, referente ás funcións da comisión de seguimento para amplialas e facer máis áxil a solución das incidencias que poidan xurdir.

3.- Impacto económico

Esta addenda, de conformidade con incremento da contratación para a redacción do proxecto e os estudos complementarios que ascende a 222.578,00€ (IVE non incluído) lonxe dos 125.000,00€ previstos inicialmente supón un incremento no investimento total do convenio para a Xunta de Galicia de 60.010,47 €. Este importe correspóndese á metade do importe adicional máis o 23% do tipo de IVE vixente aplicable en Portugal.

A Axencia Galega de Infraestruturas asumiría este investimento con cargo os seus orzamentos na partida 11 A1 512B 790.0, código de proxecto 2022 00003.

A distribución das anualidades sería a seguinte:

ANUALIDAD	Reino de España – Xunta de Galicia
2024	37.618,32 €
2025	99.267,15 €
TOTAL	136.885,47 €

4.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido da addenda ao convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

